



Páx 2-3

**ANÁLISE:**

**DÍA DA PATRIA GALEGA:**

Galiza pola Soberanía

Páx 4-6

**PONTEVEDRA:**

Equipamentos sociais en  
barrios e parroquias

Páx 7-8

**PONTEVEDRA:**

Modelo de cidade

Páx 9

**POIO:**

Bando da Alcaldía con  
motivo do Día da Patria  
Galega

Páx 10-11

**AXENDA FESTIVA**

**CONTRACAPA:**

**ACTOS POLÍTICOS**





## 25 de Xullo, Día da Patria Galega

# Galiza pola soberanía

Van xa case 100 anos de celebración do 25 de xullo como Día da Patria Galega. Todos aqueles que pensan ou proclaman alegremente que Galiza é un pobo submisivo, rendido ou sen historia, deben saber que a reivindicación dos dereitos políticos que nos asisten como nación se remonta mesmo a moito antes de que as Irmandades da Fala, en 1919, acordaran fixar no calendario esta data de afirmación patriótica.

Un século despois, no 2013, aquí estamos nós. Neste caso, através do BNG, a ferramenta política nacionalista que posúe o pobo galego para facer valer os seus dereitos. A mellor receita para actuar nun país historicamente negado, anulado, desprezado e espoliado como Galiza, é o nacionalismo. Na actual conxuntura histórica, claramente, o Bloque Nacionalista Galego.

Somos un pobo, unha nación, e temos dereito á autodeterminación. A nos constituir como Estado soberano e a decidir libremente, con independencia de Madrid e Bruxelas, o camiño que máis nos convén. É unha cuestión de democracia, mais tamén de pura necesidade. Galiza ten os recursos e a riqueza precisa para poder desenvolverse e xerar emprego digno e benestar para todo o seu pobo. Acontece, porén, que a dependencia, o dominio histórico do Estado español sobre Galiza, amputou todas as súas potencialidades e, a través do espolio económico, do colonialismo máis salvaxe, converteu o que sen dúbida é o país con maior capacidade produtiva e enerxética da Península Ibérica, no territorio máis avellentado de toda a Unión Europea, no que rexistra maior emigración e subdesenvolvemento. Isto non é xusto. O que fixeron con nós non ten nome. Ningún pobo se merece que o traten como fixeron con nós.



O pobo galego, si, padece políticas agresivas e crueis que pretenden o seu paulatino exterminio. Mesmo material. Somos un país que esmorece, que se vén abaixo, que se está a empobrecer social e economicamente cunhas políticas impostas dende unha España corrupta de arriba a abaixo e dunha Europa neoliberal decidida a impoñer miseria sobre pobos como o noso e a facer pagar, co sufrimentos d@s humildes, a factura dunha crise provocada polo capitalismo máis gangsteril. Máis que nunca é posíbel comprobar como o Estado español, podre dende a xefatura do Estado -monarquía- até o Goberno español e a Xunta, pasando polo bipartidismo, non só non é viábel, senón que ademais representa un lastre que nos arruína, e do que nos tempos que desprender se aspiramos a construír un futuro digno.

É neste contexto no que a reclamación de soberanía, de liberdade para a Galiza, cobra o seu sentido máis pleno, porque nos vai a vida na súa consecución. Porque precisamos gobernar os nosos recursos en función dos nosos intereses para podermos traballar, para vivir dignamente. Para que non nos rouben nunca máis. E sabemos que este cami-

ño debemos facelo nós, galegas e galegos, autoorganizad@s en expresións políticas, sociais e populares propias, sen tutelas nin interferencias de fóra.

Únenos a vontade de sermos un pobo, o desexo de vivir do noso traballo na nosa propia Terra con plena dignidade, o dereito a escollermos o noso futuro de forma libre e democrática. Queremos democracia, xustiza, liberdade, traballo, igualdade, dignidade. E para o conseguirmos, colectivamente, o instrumento preciso é o nacionalismo galego, o BNG.

Este 25 de xullo imos ser milleiros en Compostela, na manifestación do BNG, a reclamar, en pé, o exercicio da nosa dignidade nacional, a plena soberanía para Galiza. Temos que converter este Día da Patria nunha auténtica demostración de forza do nacionalismo, que evidencie que si hai resposta popular, e que este pobo, que tanto sufriu, non se rende.



## Unha ampla rede de centros sociais para dinamizar os barrios e parroquias

Cando o BNG accedeu ao goberno de Pontevedra, adquirira o compromiso de dotar aos veciños e veciñas dunha rede de centros cívicos que servise para dinamizar a vida sociocultural dos barrios e parroquias e que completase as grandes infraestruturas municipais deste ámbito.

A día de hoxe podemos afirmar que esa rede está en marcha e a funcionar con grande dinamismo.

Todas as parroquias do noso concello contan, cando menos, cunha grande instalación sociocultural municipal e, en boa medida, xa se está a crear a rede a nivel de lugares. É, asemade, unha rede de centros cívicos ao servizo de todo o movemento asociativo.

Na cidade, arestora, contamos cunha rede de seis centros aos que se debe engadir a Casa de Cultura de Monte Porreiro.

Cómpre destacar que este conxunto de instalacións foi posto en marcha case en exclusiva polo BNG, aproveitando nalgúns casos locais existentes ou mesmo con edificacións novas como a que se está a erguer estes días en Sobarís, Campañó.

En todos os casos, tanto na cidade como nas parroquias, a xestión está en mans dunha ou de varias asociacións do ámbito de referencia, de xeito que se vai construíndo tamén un modelo de democracia participativa que é un exemplo moi avanzado.

A rede de case corenta centros cívicos e culturais, complétase co aproveitamento por parte de todas as entidades de Pontevedra das grandes infraestruturas socio-culturais que ten a disposición o Concello (Pazo da Cultura, Teatro Principal, Pazo de Mugartegui, Casa da Luz, Casa das Campás, Antigo Conservatorio de Música . . .)

### Equipamentos culturais nos barrios da cidade

#### MONTE PORREIRO

**6 casa da cultura** de propiedade municipal con cesión ás entidades veciñais e culturais do barrio.

#### SAN ROQUE

**2 Local municipal** con cesión á asociación de veciños de San Roque.

#### CENTRO SOCIAL DO GORGULLÓN

**4 local municipal** con cesión á asociación de veciños de Eduardo Pondal.

#### CENTRO LESTE

**5 Local municipal** con cesión á asociación de veciños Manuel Quiroga-a Parda

#### O BURGO

**28 Local municipal** para cesión á asociación cultural de O Burgo, pendente a súa adecuación unha vez entregada a obra de Pasarón


#### CENTRO HISTÓRICO

**3 Casa Azul** local municipal utilizado por diferentes asociacións

#### CAMPOLONGO

**1 Local municipal** cedido á Federación Castelao







## Equipamentos socio-culturais nas parroquias

### A CANICOUVA

**1 Casa da cultura**, propiedade municipal xestionada polos veciños.

### ALBA

**2 Casa da cultura de Reiriz**: centro social municipal produto da rehabilitación de antiga escola

**3 Casa da cultura da Devesa, produto da rehabilitación da antiga escola**

### BORA

**4 Escola Pio-Bora**: centro social municipal con cesión á asociación de veciños de Bora

**5 Casa da cultura de O Salgueiral**: centro social con cesión ás entidades do lugar produto da rehabilitación da antiga escola

### CAMPAÑÓ

**6 Casa da cultura de Campañó (o Cabaleiro)**: local municipal cedido ás asociacións da parroquia

**7 Casa da cultura de Sabarís**: local municipal en construción.

### CERPONZÓNS

**8 Centro social de Meán**

### LÉREZ

**9 Casa da cultura**

### LOURIZÁN

**10 Casa de cultura de Estribela**, local municipal cedido á asociación veciñal e á comunidade de montes

**11 Centro social de Ponte Muíños**, cedido a AMENCER

### MARCÓN

**12 Casa da cultura**: propiedade da xunta de montes de Marcón

### MOURENTE

**13 Casa escola de Cons**

**30 Antigo colexio dos Campos (tres edificios)**, pendente de habilitar

### PONTE SAMPAIO

**14 Casa da cultura**: propiedade municipal cedida aos veciños

**15 Antigo Mercado**: local municipal cedido á asociación cultural santa maría

**16 Casa da cultura do Rañadoiro**: local municipal rehabilitando a antiga escola cedido aos veciños

**17 Local social de Acevedo**

**18 Local social de O Vilar**

### SALCEDO:

**19 Casa da cultura**: en fase de anteprojecto, local municipal para a súa utilización por toda a parroquia.

**20 Centro social de Cabanas**: local municipal con cesión á asociación de veciños Heroes do campo da Porta

**21 Casa de montes**: local da comunidade de Montes de Salcedo

### SANTA MARÍA DE XEVE:

**22 Antigo Concello**: local social municipal con cesión aos veciños.

**23 Casa da cultura**: local municipal cedido a ASPACE

### SANTO ANDRÉ DE XEVE

**24 Teleclub**: local social municipal con cesión á Asociación Recreativa de Xeve

**25 Antiga escola de Frago**: local social municipal con cesión á Asociación Recreativa de Xeve

### TOMEZA

**26 Local social municipal, antiga escola de Lusquiños**, con cesión a asociación cultural San Cibrán.

**27 Pendente habilitar casa dos mestres contigua á escola**

### VERDUCIDO

**28 Casa da cultura** propiedade da xunta de montes de Verducido

# Modelo Pontevedra

**Luís Bará**



As dinámicas propias de sociedades capitalistas coma a nosa tenden a producir fracturas sociais e procesos disgregadores, que levan a unha certa especialización de usos segundo as zonas e á división de clase entre o centro e a periferia. Desta maneira, en Pontevedra coma noutras cidades, o centro urbano acabou por constituirse desde finais do XIX e durante o século XX nun espazo residencial, de negocio e de ocio da clase dominante, mentres as clases traballadoras vivían e se socializaban en zonas periféricas e rurais. A segregación fíxose evidente nas actividades festivas, espazos lúdicos e recreativos (liceos, cafés, tertulias), lugares de paseo (rúas, prazas e alamedas)...

A explosión do transporte en automóbil nos anos 60 cambiou a funcionalidade e o uso do espazo público urbano: as rúas e prazas, especialmente as do centro histórico, pasaron a estar permanente ocupadas por coches, reducíndose até a mínima expresión o espazo para a mobilidade natural e para as actividades sociais: xogo infantil, paseo, conversa. Ao mesmo tempo, o tráfico de paso norte-sur e leste-oeste invadiu e colapsou as principais avenidas, encheu o espazo público de ruído e fume, e confinou as persoas en estreitas e incómodas beirarrúas: lembremos como era o reparto do espazo entre vehículos e persoas fai tan só 15 anos no centro histórico ou en rúas como Avda de Vigo, A Michelena, Praza de San Xosé, Glorieta de Compostela, Daniel de la Sota, Sagasta, etc.

A redefinición do espazo público como lugar de convivencia e cohesión social é unha importante ferramenta democrática nos procesos de transformación urbana como o que está a experimentar Pontevedra desde finais do século XX. As primeiras reformas do espazo público levadas a cabo nos anos 80 e 90 (García Camba, Peregrina, Benito Corbal, Michelena) querían poñer a Pontevedra no camiño do redeseño do espazo público urbano mais non chegaron a concretarse pola súa escasa dimensión e pola súa ausencia dun modelo propio. O cambio político de 1999 supuxo unha auténtica revolución na concepción do espazo público urbano sustentada entre outros nos seguintes piares:

- **Concepción do espazo público como territorio das persoas e da actividade social e económica, fronte á ocupación abusiva por parte dos vehículos;** por razóns de equidade, adoptáronse decisións que restrinxiron a circulación a motor e privlexiaron as formas de mobilidade natural. Convén neste sentido lembrar que a equidade non consiste en gobernar para todos por igual, senón en actuar en beneficio da maioría, o cal moitas veces supón eliminar vantaxes ou privilexios dunha minoría.

- **Deseño do espazo urbano como instrumento de cohesión social e territorial** mediante a construción dunha cidade compacta, interrelacionada, aberta a todas as persoas e todos os grupos, compartida por todas as clases sociais, acurtando as distancias provocadas polas desigualdades económicas ou xeográficas (centro-periferia). A creación de grandes espazos públicos no centro urbano é un factor fundamental de cohesión e articulación social, na medida en que son usados e gozados por toda a cidadanía sen exclusións. Neste hábitat, algunhas estampas empezan a converterse en iconas urbanas: o xogo infantil nas prazas, as cadeiras de rodas, os carros de bebé, as bicicletas...
- **Complementariedade de usos do espazo público:** tanto o centro histórico como o ensanche dos séculos XIX e XX enténdense como escenario de actividade económica, social, cultural e festiva. A convivencia de zonas de xogo infantil e actividade hosteleira no centro histórico, a dinamización do espazo público con actividades festivas e culturais, o retorno das festas de agosto ao centro da cidade, a promoción do comercio tradicional e de proximidade fronte ás grandes áreas comerciais son algunhas das marcas desta nova xeira do urbanismo pontevedrés. E talvez sexa a Feira Franca a mellor expresión desta nova concepción do espazo público, con multitude de usos e usuarios en saudábel harmonía.

Transformar o espazo público non se limita a un cambio no modelo de mobilidade, no reparto do espazo entre vehículos e persoas; supón tamén renovar servizos (gas, telefonía, saneamento, alumeadado), dotar as rúas e prazas de novos equipamentos de calidade (mobiliario urbano, arborado), mellorar as zonas verdes, favorecer a accesibilidade para todas as persoas, xestionar as necesidades de acceso motorizado para servizos e residentes, etc. As solucións pódennos parecer máis ou menos acertadas, poden gustarnos máis ou menos esta farola ou aquela palmeira, mais o verdadeiramente importante é que estamos ante un proceso imparábel de transformación da cidade.

A transformación do espazo público é un proceso dinámico, que avanza cara a novas zonas dacordo con un plan previamente trazado e tamén coa complicitade e a demanda de amplos sectores da sociedade. O modelo exténdese do centro á periferia, avanza malia as dificultades do contexto actual, e alárgase tamén creando grandes áreas verdes de expansión urbana nas beiras dos ríos, desde Mollavao a Monte Porreiro e Bora e desde As Corvaceiras ás estacións de tren e autobuses, con previsión de continuidade cara aos Praceres e Tomeza. Como manifestación dun proceso vivo, en permanente contraste e actualización, nesta altura sectores do comercio e da hostalaría demandan a ampliación das zonas de preferencia peonil en moitas rúas do centro urbano. E estúdanse correccións en ámbitos no que pode haber disfuncionalidades ou posibilidades de mellora.

O espazo público urbano é o espazo democrático por excelencia: as rúas, prazas, paseos, parques e zonas verdes son lugares principais da vida das persoas e deben estar protexidos da voracidade privatizadora que caracteriza ás sociedades capitalistas. O camiño seguido demostra as posibilidades dunha estrutura urbana centrada nas persoas, que aposta pola equidade e pola cohesión social, e que se consolida como unha referencia internacional dos novos espazos urbanos do século XXI: o Modelo Pontevedra.

Transformar o espazo público non se limita a un cambio no modelo de mobilidade, no reparto do espazo entre vehículos e persoas; supón tamén renovar servizos (gas, telefonía, saneamento, alumeadado), dotar as rúas e prazas de novos equipamentos de calidade (mobiliario urbano, arborado), mellorar as zonas verdes, favorecer a accesibilidade para todas as persoas, xestionar as necesidades de acceso motorizado para servizos e residentes, etc. As solucións pódennos parecer máis ou menos acertadas, poden gustarnos máis ou menos esta farola ou aquela palmeira, mais o verdadeiramente importante é que estamos ante un proceso imparábel de transformación da cidade.



# Bando do Alcalde de Poio con motivo do Día da Patria Galega

O 25 de xullo é unha data de fondo simbolismo para a nosa personalidade colectiva; é a estrela que nos guía a través de todos os vieiros; é a festa que nos enche de orgullo, que nos da azos para traballar por Galiza: é, en fin, o día da afirmación da nosa Patria. Nesta xornada, “a festa maior de Galiza, a festa de todos os galegos” en palabras de Castelao, quero convidar a todos os veciños e veciñas de Poio a celebrar a nosa galegüidade.

No día da Patria Galega festexamos que o noso é un pobo seguro da súa fortaleza e orgulloso de si, un pobo con capacidade de seguir medrando e avanzando. Un pobo que, nestes momentos difíciles, ten que saber facerse forte para superar os atrancos e perseverar na construción dun futuro máis próspero.

Asumamos o compromiso de facer máis grande a nosa nación. Trallemos cada día para mellorar o noso país a partir das nosas sinais de identidade, porque un pobo só pode manter o seu lugar no mundo cando defende e se afirma no propio, no que lle fai existir como tal. Como dixera Castelao:

*“A realidade actual dá noxo; pero non podemos fuxir dela por escrúpulos inútiles, pois para modelar un pobo de barro é preciso luxar as mans. De tal xeito se impón unha política de realidades, na que os mesmos defectos deben ser cultivados, para que se troquen en virtudes. Fundirse co pobo, sentir as angurias da súa resignación, infundirle conciencia da súa personalidade e capacidade, darlle vida e arelas para prosperar. Primeiro ser, despois trunfar. Porque aquel que non teña fe absoluta nas virtudes, en potencia, do noso pobo, non ten dereito a galvanizalo con promesas eleitoreiras e transitorias.*

*Nós temos fe no noso pobo e moi logo o noso pobo terá fe en nós”.*

Este é tamén un día para que todos e todas saiamos á rúa a expresar a leducia de sermos galegos, un día no que a nosa bandeira engalane fiestras e balcóns amosando con orgullo o amor pola nosa Terra.

Hoxe, mañá e sempre enarboremos os símbolos da nosa identidade, a nosa lingua e a nosa cultura, para reclamar o dereito a existir en pé de igualdade coas demais nacións do mundo, e para celebrar a realidade prometedora que é a nosa Patria.

## ACTOS

### 24 de xullo

- 21 h. Salón de Actos do Concello
- Conferencia: **A Patria Galega**, a cargo de **Manuel Mera**, Presidente da Fundación “Moncho Reboiras”
- Entrega de bandeiras galegas \*
- Canto do Himno Galego e actuación da Escola de Música Tradicional de Poio

\* Solicitud de bandeiras no Concello, en [cultura@concellopoio.org](mailto:cultura@concellopoio.org) ou no teléfono 986 770 001

### 25 de xullo

Manifestación ás 12 da mañá da Alameda de Santiago de Compostela

Adro, Sempre en Galiza

## Festival Internacional de Jazz e Blues

### Venres 19 de xullo

22.30 > **Shemekia Copeland**, na Ferraría

### Sábado 20 de xullo

22.30 > **Paco Charlín** "Flood", na Ferraría

### Domingo 21 de xullo

22.30 > **Eugene** "Hideaway" **Bridges**, Ferraría

### Luns 22 de xullo

22.30 > **Vijay Iyer Trio**, na Ferraría

## Animatrón

### As Palmeiras, do martes 30 de xullo ao venres 2 de agosto, de 18 a 21 h.

Actividades de animación, ludoteca, Constrúe a túa cidade, hinchables, disco infantil, actuacións: mago, home orquestra, circo escarranchado, paiasos.

Obradoiros temáticos diarios: Son un mago, Son un artista, Xogos populares, Son un fan da Tv

## Cinema na Lúa

### Praza da Pedreira do 24 ao 28 de xullo

**Mércores, 24** > **Grupo 7**

**Xoves, 25** > **Mientras duermes**

**Venres, 26** > **Intocable**

**Sábado, 27** > **El caballero oscuro. La leyenda renace**

**Domingo, 28** > **Up**

## Festixeve

### Campo de Vilar de Fragoso Santo André de Xeve

#### Sábado 27 de xullo

22.30 > **Verbena galega** Música tradicional, Pandeioromus, Pachanga galega, O Sonoro Maxín, Picadiscos, Nonito Mondosonoro

#### Domingo 28 de xullo

17 h > Xogos populares

17h > **Batucada** Olodum do Coio

## Música de Bandas

### Sábado, 20 de xullo

20.30 > VIII Ciclo de BMS > **Banda Xuvenil de Salcedo e Banda Xuvenil Artística de Merza** > Teucro

### Martes, 23 de xullo

21 h > VIII Ciclo de Bandas BMS > **Concerto luso galaico** > María do Ceo & Banda de Música de Salcedo > Ferraría

### Venres, 26 de xullo

21 h > **Banda Cultural de Salceda de Caselas** > Teucro



## Festas do Santiaguíño do Burgo

### Mércores 24 de xullo

11.30 > **Pasarrúas**, con Os Alegres

22.30 > **Verbena** no recinto feiral

### Xoves 25 de xullo

10 h > **XVII Maratón Popular**. Saída da Ponte do Burgo, Domingo Fontán e A Xunqueira do Vao

11.30 > **Pasarrúas**, con Chouteira e Dolmen

12.30 > **Concerto da Banda Música de Pontevedra**

22.30 > **Verbena** no recinto feiral

24 h > **Fogos de artificio** na beira do río (entre as Pontes do Burgo e Santiago)

### Venres 26 de xullo

11.30 > **Pasarrúas**, con Os de Mourente

20 h > **XV Festa Homenaxe ás Persoas Maiores**, con "Maravallada". Teatro Principal

22.30 > **Verbena** no recinto feiral

## 15 bolos

### Luns 29 de xullo

- 21.30 > **The Grave Dolls**, na Verdura  
 22.30 > **Skirl**, no Teucro

### Martes 30 de xullo

- 21.30 > **Voltage**, na Verdura  
 22.30 > **Vortex**, no Teucro  
 23.30 > **PDA (Pus de Alce)**, no Teucro



### Mércores 31 de xullo

- 21.30 > **Flying Carpet**, na Verdura  
 22.30 > **The Bodysnatchers**, no Teucro  
 23.30 > **Thee Blind Crows**, no Teucro

### Venres 2 de agosto

- 21.30 > **Naagi**, na Verdura  
 22.30 > **Pi Graos**, no Teucro

### Xoves 1 de agosto

- 21.30 > **Black Dog**, na Verdura  
 22.30 > **Champurrada**, no Teucro  
 23.30 > **Os Fervellasverzas**, no Teucro



## Itineranta

Unha selección das mellores compañías, mostrarán nas rúas da cidade as máis novedosas propostas das artes escénicas (zancos, malabares, teatro, cabaret, batukada, performance, música en directo, lume, pirotecnia...) para a celebración do maior Festival de Espectáculos Itinerantes de Rúa.

### Martes 6 de agosto

- Kull D'Sac** (España) > Muñecos  
**Fadunito** (Cataluña) > La Gran Familia  
**Brincadeira** (Cataluña) > La Danza de la Calle

- Kull D'Sac** (España) > Le Mascherate  
**Palo Q'Sea** (Colombia) > Rompe Candela  
**Deabru Beltzak** (Euskadi) > Les Tambours de Feu

### Mércores 7 de agosto

- Fadunito** (Cataluña) > Le Petit Cirque  
**Maduixa Teatre** (Suecia/Valencia) > Meganimals

### Xoves 8 de agosto

- Factoría Circular** (Cataluña) > Rodafonio  
**Maduixa Teatre** (Suecia/Valencia) > Tam Percusión  
**Troula Animación** (Galiza) > PachaMama



Galiza pola soberanía

# 25 DE XULLO DÍA DA PATRIA GALEGA

## VI Festa Nacionalista en Soutomaior

Domingo 21 de xullo ás 13:30 h.  
Casa do Pobo do Val Sobral, coas intervencións de Fernando Herrero e Bieito Lobeira

## Acto Político en Moraña

Martes 23 de xullo ás 21:30 h.  
Carballeira de Santa Lucía, coas intervencións de Marcos Suárez e Guillermo Vázquez

## Homenaxe a Rosalía e Castelao en Compostela

Mércores 24 de xullo ás 17:30 h.  
o Panteón dos Galegos Ilustres

## Manifestación xuvenil pola Soberanía en Compostela

Mércores 24 de xullo ás 20 h.



MANIFESTACIÓN  
ÁS 12 NA  
ALAMEDA  
SANTIAGO

